I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería de Industria e Comercio

Orde do 16 de xaneiro de 1991 pola que se modifican os artigos un e doce da orde do 16 de febreiro de 1987, da Consellería de Traballo, Industria e Turismo, pola que se aproba o regulamento sobre organización e réxime xurídico do servicio público de inspección técnica de vehículos en Galicia.

A modificación polo Decreto 6/1991, do 11 de xaneiro, do artigo quinto do Decreto 165/1982, do 7 de novembro, da Consellería de Traballo, Industria e Turismo, polo que se integran as estacións de inspección técnica de vehículos na rede de estacións de inspección técnica de vehículos de Galicia e pola que se fixa o seu réxime de explotación, fai necesario ó tempo, a adecuación á dita normativa da orde do 16 de febreiro de 1987 da referida Consellería.

Por todo isto e en uso das facultades que me confire a disposición final do Decreto 165/1982, do 7 de novembro,

DISPOÑO:

Artigo único

Modifícanse os artigos un e doce da orde do 16 de febreiro de 1987, da Consellería de Traballo, Industria e Turismo (DOG n.º 43, do 4-III-87, corrección de erros no DOG n.º 67, 8-IV-87) que quedan redactados do xeito seguinte:

«Artigo 1.—A inspección técnica de vehículos configúrase en Galicia como un servicio público que poderá realizarse por xestión directa a través das estacións da inspección técnica de vehículos da Consellería de Industria e Comercio ou por xestión indirecta, a través das empresas privadas, xa sexan estas propietarias das instalacións ou ben concesionarias dos bens de dominio público adscritos ó servicio, co seu propio persoal e en réxime de concesión administrativa.

No caso de declararse deserto o concurso por non existiren ofertas idóneas de entidades privadas, poderá adxudicarse a explotación da rede a unha empresa pública ou mixta creada para o efecto.

Artigo 12.—As instalacións de inspección de vehículos deberán permitir en todo momento a boa execución do servicio, e será responsabilidade da empresa concesionaria o mantemento en bo estado das obras e instalacións afectas ó servicio, de acordo cos requisitos establecidos no correspondente prego de condicións técnicas.

Se por necesidades do servicio fose necesario a ampliación das instalacións logo de autorización da Consellería de Industria e Comercio, poderán realizarse as obras necesarias para tal fin, e será por conta da empresa adxudicataria o seu custo; deberá ser propietaria dos terreos onde se sitúen.»

DISPOSICIÓN FINAL

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 1991.

Juan José Fernández García
Conselleiro de Industria e Comercio

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Resolución do 19 de decembro de 1990, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se crea a Revista Galega de Administración Pública.

A creación dunha Revista Galega de Administración Pública é unha das iniciativas comprendidas no programa de actividades da EGAP para o ano 1991, aprobado na reunión do Consello Rector do devandito organismo celebrada o 17 de decembro de 1990.

Responde ó decidido propósito de impulsar e espalla-las investigacións que se leven a cabo nos ámbitos do dereito estatutario galego e da Administración pública da nosa Comunidade. E iso en cumprimento do establecido na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, que no seu artigo 3-1 g) sinala como un dos fins desta institución «a investigación, a documentación, o estudio e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión».

Por todo isto, en execución do acordo do Consello Rector da EGAP polo que se aproba o programa de actividades para 1991, e en uso das atribucións que me confire o artigo 9 da devandita Lei 4/1987, e o artigo 15 do Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP.

Esta dirección resolve:

1.º —Crea-la Revista Galega de Administración Pública.

2.º —O contido da revista axustarase en liñas xerais á seguinte estructura:

a) Estudios e artigos científicos (cunha especial atención á Administración local, Función Pública e ciencia da Administración).

b) Actualidade lexislativa e xurisprudencial.

c) Crónica.

d) Bibliografía.

3.º —O director da EGAP ostentará a dirección da revista e estará asistido polo Consello Asesor e polo Consello de Redacción.

4.º —O Consello Asesor, que estará constituído por figuras relevantes no mundo xurídico, terá como funcións a orientación e determinación das liñas básicas de investigación da revista, así como a supervisión do nivel e interese do seu contido.

5.º —O Consello de Redacción coleccionará e informará o contido de cada número, seguindo as liñas básicas sinaladas polo Consello Asesor.

6.º —Os membros dos dous consellos, así como os seus respectivos secretarios serán designados por resolución da dirección da EGAP.

7.º —O director, membros dos consellos e secretarios non percibirán contraprestación económica ningunha sen perxuízo dos dereitos que lles poidan corresponder como colaboradores da revista.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 1990.

Jaime Rodríguez-Arana Muñoz
Director da Escola Galega de Administración Pública

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Corrección de erros.—Orde do 11 de decembro de 1990 pola que se conceden axudas económicas a grupos de profesores de ensino non universitario para realizar proxectos de investigación e innovación pedagóxica e curricular.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG n.º 8, do 11 de xaneiro de 1991, cómpre face-las seguintes rectificacións:

Na páxina 145, no anexo correspondente á provincia da Coruña, debe engadirse:

«A informática aplicada á educación do xordo

Coord. Antonio José Núñez Gómez..... 125.000»

Na páxina 146, dentro dos proxectos correspondentes á provincia de Ourense, debe anularse:

«Actividades para o estudio do medio ambiente na comarca da Limia

Coord. Socorro Liste López..... 125.000»

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 1990.

Juan Piñeiro Permuy
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Ilmos. Sres. Directores Xerais de Ensinanzas Medias, Formación Profesional e Educación Xeral Básica

Orde do 21 de xaneiro de 1991 pola que se convoca un curso de especialización en perturbacións da audición e linguaxe para profesores de EXB en servicio activo na Comunidade Autónoma de Galicia para celebrar na Coruña.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña acaban de subscribir un convenio de cooperación para a organización de cursos de especialización en perturbacións da audición e linguaxe; a súa organización, dirección e desenvolvemento correspóndelle á Universidade da Coruña.

En desenvolvemento do precitado convenio, organízase un curso que se celebrará na Coruña e ó que terán acceso profesores de EXB en servicio activo na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de paliar, de forma progresiva, a carencia de especialistas neste campo da educación.

Faise necesario, polo tanto, artella-la oportuna convocatoria pública que permita selecciona-los profesores de EXB interesados en participar no devandito curso. Na súa virtude,

DISPOÑO:

1.—Convocar, en colaboración coa Universidade da Coruña, un curso de especialización en perturbacións da audición e linguaxe, para celebrar na Coruña, con un total de 40 prazas.

2.—Poderán participar no devandito curso os funcionarios pertencentes ó corpo de profesores de EXB que estean en servicio activo na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.—O curso desenvolverase de acordo coa estructura e características que se establecen no anexo I da presente orde; a matrícula será gratuíta para o profesorado de EXB seleccionado ó abeiro da mesma que será ademais liberado de docencia durante o período de celebración da fase teórico-práctica do curso.

4.—A solicitude para tomar parte no curso dirixirase ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Coruña, segundo o modelo do anexo II, e presentarase persoalmente ou por calquera dos medios establecidos no artigo 66 da Lei de procedemento administrativo, no prazo de 15 días naturais a partir da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia.*

Xuntaranse á solicitude:

—Documentos acreditativos, orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas, dos méritos alegados, de conformidade co que dispón para o efecto o anexo III.

—Folla de servicios, pechada na data de publicación da convocatoria.

5.—A selección dos solicitantes será realizada por unha comisión que presidirá o delegado provincial da Coruña, ou persoa en quen delegue, e da que formarán parte: